

Anuncio convocatoria 31º Edición da Feira do Galo de Nadal 2023

O Concello de Arteixo anuncia a convocatoria da 31º edición da FEIRA DO GALO DE NADAL 2023, de conformidade coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 2 de novembro de 2023, que se publican a continuación e que permanecerán expostas ao público durante o prazo de presentación de solicitudes:

BASES 31ª Edición Feira do Galo de Nadal 2023

1. *O Concello de Arteixo, a través súa Concellería de Promoción Económica convoca a “31ª Edición Feira do Galo do Nadal 2023”.*
2. *Poderán participar neste concurso todas as persoas físicas que presenten ao concurso galos vivos de curral ou cestas con galos de curral preparados.*
3. *Para inscribirse no concurso, deberán entregar entre as 8:00 h e as 11:00 h do día 23-12-2023, aos responsables municipais da Feira unha **solicitud de inscrición**, segundo o modelo creado a tal efecto e que se transcribe deseguido:*

SOLICITUDE DE INSCRICION NO 31ª EDICIÓN FEIRA DO GALO DE NADAL 2023

Número:

Nome do Criador:

DNI:

Teléfono:

Peso:

Procedencia

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo (A Coruña)

En virtude do Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que voluntariamente faciliten os concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Os datos non serán comunicados a terceiros. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos, e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Arteixo, Praza Alcalde Ramón Dopico, nº 1, Arteixo.

4. *Os galos vivos e as cestas con galos preparados serán examinadas polo xurado o día 23-12-2023, entre as 11:00 e as 12:00 horas.*
5. *O xurado estará composto por:*
 - a. *Tres expertos criadores de galos.*

- b. *Un técnico/a da Concellería de Promoción Económica ou, no seu defecto, a persoa na que delegue, que actuará como secretario/a do xurado.*

6. *Establécense dúas categorías de premios dotados coas seguintes contías:*

- *Categoría de Galo Vivo:*

1º Mellor galo vivo – 300,00 euros (trescentos euros)

2º Mellor galo vivo – 250,00 euros (douscentos cincuenta euros)

3º Mellor galo vivo – 200,00 euros (douscentos euros)

4º Mellor galo vivo - 150,00 euros (cento cincuenta euros)

5º Mellor galo vivo – 100,00 euros (cen euros)

- *Categoría de Cesta de Galo Preparado:*

1º Cesta mellor presentada - 275,00 euros (douscentos setenta e cinco euros)

2º Cesta mellor presentada - 225,00 euros (douscentos vinte e cinco euros)

3º Cesta mellor presentada - 175,00 euros (cento setenta e cinco euros)

4º Cesta mellor presentada - 125,00 euros (cento vinte e cinco euros)

5º Cesta mellor presentada – 75,00 euros (setenta e cinco euros)

- a. *Os ditos premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante pago en metálico, por parte dos responsables da Feira Municipal.*

- b. *Non poderán obter a condición de premiados as persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias que permitan cualificalos como beneficiarios segundo o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.*

7. *O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.*

8. *A adxudicación dos premios farase en función tendo en conta os seguintes criterios:*

- *Ser de curral*
- *Alimentado con millo*
- *Criado en liberdade*
- *Tempo ideal de crianza dun ano ou ano e medio*

- *Plumaxe louro ou moreno*
- *Crista grande*
- *Patas dereitas e amarelas*

9. *O resultado do Concurso, quedará reflectido na acta correspondente, e darase a coñecer as 13:00 do día 23-12-2023.*

10. *O feito de participar neste concurso presupón a aceptación de estas bases.*